

INFORMACIÓN IMPORTANTE ANTE A CRISE DO CORONAVIRUS

A causa da pandemia do coronavirus Covid-19, dende AGA e Erica Mel debemos tomar as máximas precaucións de corresponsabilidade, así como seguir as instrucións das autoridades sanitarias correspondentes. Por este motivo, decidimos tomar as medidas que detallamos a continuación e informar os socios e as socias sobre algúns temas de importancia á hora de poder continuar coa actividade apícola durante as restricións derivadas do estado de alarma.

Correo Apícola e programa formativo

No momento da declaración do estado de alarma, xa tiñamos en imprenta o *Correo Apícola Primavera 2020*, así que decidimos manter o programa formativo que preparamos, aínda que sufrirá aprazamentos ou cancelacións en función da duración da crise sanitaria. De momento enviáremolo só por email e publicarase na web de AGA, xa que, debido ó estado de alarma e a limitación de servizos de Correos, non se poden enviar este tipo de publicacións.

Aprazamento actividades formativas

Quedan aprazadas todas as actividades formativas ata novo aviso. A partir de mediados de abril iremos informando das novas datas das actividades xa adiadas ata o momento, así como da realización ou suspensión das vindeiras.

Continúa a atención ós socios e ás socias

A oficina de Arzúa seguirá aberta para atender os socios e as socias, preferentemente por teléfono e correo electrónico, limitando a atención presencial a casos moi restrinxidos. Ademais, dispoñemos de Whatsapp para realizar consultas a través do móbil. Salvo motivos excepcionais, continuará o horario habitual de luns a venres de 10 a 14 h e de 16 a 18 h, a través do tel. 981 508 142, os móbiles: 630 069 637 (consultas xerais) / 630 83 83 12 (consultas técnicas e sanitarias) e correos electrónicos: info@apiculturagalega.es e cooperativa@ericamel.es.

Medios dixitais de comunicación

Durante este tempo de restricións e illamento, enviaremos información con frecuencia por email e publicaremos artigos de interese apícola na web e facebook. Ademais, coa finalidade de mellorarmos a comunicación, creamos unha canle de difusión chamada "Apicultura Galega" a través de Telegram.

Instrucións para utilizar a canle de AGA en Telegram

Telegram é un sistema de mensaxería por móbil gratuíta, similar ó Whatsapp, pero con máis posibilidades. A través da canle de difusión "Apicultura Galega" por Telegram, as persoas que se subscriban recibirán de xeito inmediato nos seus móbiles a información publicada por AGA. Explicamos a continuación como acceder a esta canle:

- 1º) Instalar a aplicación de Telegram no móbil (a través de Play Store ou entrando en www.telegram.com.es)
- 2º) Abrir a aplicación e onde pon "buscar" (aparece o símbolo dunha lupa) escribir "Apicultura Galega"
- 3º) Aparecerá a canle de AGA chamada "Apicultura Galega", abrir, darlle a "Unirte" e comezaredes a recibir a información que publiquemos dende AGA de xeito inmediato

Aviso sobre o Plan Apícola 2020

Se a convocatoria do Plan Apícola sae publicada durante o estado de alarma, o prazo para a solicitude quedará suspendido ata o remate desta situación. En canto saia publicado enviaremos unha circular informativa.

Visitas ás colmeas

Os desprazamentos ás colmeas sí que están permitidos durante o estado de alarma, temos confirmación por parte das autoridades, pero tedes que levar con vós o caderno de explotación apícola onde figure a ubicación do apiario.

Seguiremos informando os socios e as socias, esperando que todos e todas esteades ben, así como os vosos familiares e amizades, e que esta crise pase o antes posible e coas mínimas consecuencias, tanto de saúde como económicas.

Directiva e persoal de AGA e Erica Mel



BENIGNO LEDO, O CURA DAS ABELLAS, PROPOÑÍA TOMAR MEL NA GRIPE DE 1918

Por José de Cora, publicado en El Progreso o 18/12/2019

Benigno Ledo, un heroe na loita contra a gripe do 1918. O párroco de Argozón (Chantada) merece a Cruz de Beneficencia polo seu comportamento naquela epidemia. Entre os apicultores españois, o nome de Benigno Ledo González (Chantada, 1867-1950) é a referencia histórica que indica a chegada á Península en 1880 da primeira colmea Layens desde Francia.

A Layens, invento do apicultor Georges de Layens, permite a transhumancia de acordo coa floración, e calcúlase que o oitenta por cento das colmeas existentes en España son deste tipo. Ledo, que gaña moi axiña o título de «abade ou cura das abellas», inventa outros dous modelos deste tipo de colmea e, sobre todo, escribe un Curso Práctico de Apicultura, que vai servir para estendela por toda Galicia a través das sucesivas edicións que se fan desta obra. O Curso está presentado a modo de catecismo, cunha lista de mandamentos iniciais e cento cincuenta e oito preguntas sobre todo o que debe saber quen se inicie neste tipo de gandaría, que hoxe en día en Galicia se ve ameazada pola expansión do seu peor inimigo, o tártago asiático ou *Vespa velutina*.

Ledo nace na parroquia chantadina de Santa Baia de Adá e desenvolve todo o seu labor pastoral e apícola na veciña de San Vicente de Argozón, ben que as súas ensinanzas en persoa as dita en toda Galicia mediante conferencias de divulgación, onde logra captar a atención do público e converter en apicultores moitos dos que entran alí sendo soamente gandeiros de vertebrados.

Merece o título de «La Abeja de Oro» a título póstumo na segunda convocatoria que se concede esta distinción. A primeira foi para Narciso de Liñán y Heredia, conde de Doña Marina e bisneto do duque de Rivas, o autor de Don Álvaro o la fuerza del sino, a quen Ledo lle rende homenaxe no seu libro.

Ademais de levar a súa parroquia de Argozón, adscrita á parroquia da Nova, de Lugo, foi profesor encargado de Apicultura da Deputación ata que se xubila en 1948, dous anos antes do seu falecemento.

Tamén recibe a encomenda do Mérito Agrícola, e solicitada polo Concello, en 1919, concédénlle a Cruz de Beneficencia de primeira clase, por «los heroicos servicios prestados a sus feligreses» con motivo da epidemia de gripe entre os meses de outubro e novembro de 1918, a famosa gripe española que non o era.

Cóntase que daquela os médicos non chegan ao pé do monte Faro, polo que Ledo se encarga de repartir entre os afectados aqueles medios profilácticos que paga do seu peto. Desfaise de todos os pitos e galiñas que ten para que se cociñen caldos con destino aos doentes, así como de todas as existencias da súa reducida despensa para seren repartidas entre os pobres. A un dos seus fregueses, fillo dunha muller coa razón perdida, sácao da súa casoupa envolto coa súa sotana e cóidao na propia reitoral ata que se restablece. Tamén carga co cadáver dunha muller que morrera nun camiño ata o cemiterio e mais cava as fosas doutros a quen ninguén enterra.

O seu labor nese tempo inclúe a atención do gando naquelas casas onde ningún dos seus ocupantes conserva a saúde. Bota fóra as vacas pola mañá e méteas na corte na atardecida. Finalmente, tamén cae enfermo el, pero non por iso deixa de prestar asistencia material e espiritual a quen lla solicita. Despois salientará as vantaxes que atopa no mel para afrontar con éxito estas duras probas.

Trapero Pardo, Isaac Correa Calderón e Juan Rof Codina, así como o seu sobriño, Jaime Fernández Ledo, son entusiastas divulgadores da obra deste senlleiro sacerdote.

MÁIS INFORMACIÓN

Asociación Galega de Apicultura

Feira Nova s/n 15819 Santa María – Arzúa

Tel. 981 508 142 / Móbil e whatsapp: 630 069 637 (consultas xerais) / 630 838 312 (consultas técnicas e sanitarias)

info@apiculturagalega.es / www.apiculturagalega.es / Facebook AGA / Telegram “Apicultura Galega”